

Interpretación en Galicia

Cheo para o Curso de Renée Sivan no CEIDA

O curso terá lugar os vindeiro venres e sábado 25 e 26 de abril



A museógrafa Renée Sivan plantexando preguntas á audiencia

A prestixosa museógrafa Renée Sivan, conservadora e fundadora do Museo da Torre de David - O Museo da Historia de Xerusalén, impartirá un curso no CEIDA sobre Museografía e Interpreta

ción do Patrimonio Cultural. Unha clase maxistral que ninguén debería de perderse, e para o que xa están esgotadas as plazas do curso.
Benvida a Galicia!

“ Unha clase maxistral ”

Para aqueles que assistimos as xornadas de Alicante, unha das mellores lembranzas, foi a clase de museografía e conservación “in situ” que impartiu a profesora Renée Sivan no xacemento arqueolóxico da Illeta.

Pequenos detalles do traballo arqueolóxico, das actuacións cara o público, e da sinalización do lugar foron observadas e analizadas, para plantexarlle ao público preguntas.



*Redacción.
Interpretación en Galicia*

EDITORIAL: UNHA NOVA CANLE DE COMUNICACIÓN PARA O GRUPO DA AIP GALEGA

Seguindo a liña de renovación planexada dende a nova directiva, levamos a rua este informativo para estreitar vinculos entre os socios/os galegas/os, dinamizar traballos e estratexas dentro da AIP.

Estamos medrando, e necesitamos comunicacións que podan encher este espazo que queda entre cada xuntanza anual.



INFORMATIVO DO GRUPO
TERRITORIAL GALEGO DA AIP

Esta publicación non pretende ser un fin en sí mesmo, senon un punto de partida.

Unha nova canle de comunicación das iniciativas feitas pola AIP en Galicia dentro da asociación, e fora dela.

O voso traballo e participación é fundamental para que poidamos seguir medrando.